FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO
Avd. Infanta Elena, S/N-Casa de Deporte
27003 Lugo
Teléfono: 982 240 241
Correo electrónico: galega@fegato.es
xuntaelectoral2026@fegato.es

ACTA NÚMERO 10/2026 DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

DATA: 12 de novembro de 2026
HORA INICIO: 16:00 horas
LUGAR: Sesión telemática
ASISTENTES:

- D. Santiago Alonso de la Peña (Presidente)
- D. Guillermo Manuel Picón Iglesias (Vocal)
- Dna. Pilar Vidal Barrio (Secretaria)

ORDE DO DÍA:

1. Constatación do transcurso do prazo de reclamacións contra a proclamación provisional do Presidente da FEGATO (Acta 09/2026 do 09/11/2026).
2. Proclamación DEFINITIVA do Presidente da Federación Galega de Tiro Olímpico (Fase VIII, punto 3 do Calendario Electoral Oficial).
3. Constatación da constitución definitiva dos órganos de goberno (Presidencia e Comisión Delegada) e remisión do expediente á Secretaría Xeral para o Deporte.
4. Publicación e peche do proceso electoral 2026.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN E ACORDOS:

PRIMEIRO.- Constatación da ausencia de reclamacións.

Pola Secretaria dase conta de que, transcorrido o prazo regulamentario aberto desde o día 10 de novembro ata o día 11 de novembro de 2026 ás 14:00 horas (Fase VIII, punto 2 do Calendario Electoral Oficial), non se interpuxo ningunha reclamación, recurso ou impugnación ante esta Xunta Electoral nin na sede da FEGATO contra a proclamación provisional do Presidente contida no Acta 09/2026.

SEGUNDO.- Proclamación Definitiva do Presidente da FEGATO.
Ao non terse presentado obxeccións nin recursos no prazo habilitado e verificada a plena validez legal e regulamentaria de todo o procedemento desenvolvido, esta Xunta Electoral ACORDA POR UNANIMIDADE a **PROCLAMACIÓN DEFINITIVA** como **Presidente da Federación Galega de Tiro Olímpico** a favor de:

- D. JULIO RIVAS IGLESIAS

TERCEIRO.- Constitución definitiva dos órganos de goberno e remisión administrativa.
Con esta proclamación definitiva da Presidencia —que se suma á proclamación definitiva e firme da Comisión Delegada da FEGATO acordada no Acta 08/2026 do pasado 27 de outubro (integrada por Club de Tiro San Froilán, Club de Tiro Olímpico Laracha, Club Olímpico XIII Galaicos, Dna. Beatriz Pereira Lama, D. Fernando Dopazo Bouzada e D. Miguel Ferreiro Martínez)—, declárase completada e pechada a renovación dos órganos de goberno da FEGATO para o mandato correspondente.

Ordénase a remisión inmediata de copia autenticada da presente Acta, xunto co resto da documentación requirida polo Regulamento Electoral, á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia para o seu coñecemento, toma de razón e rexistro oficial.

CUARTO.- Publicación e peche.
Ordénase a publicación da presente Acta no taboleiro de anuncios e na páxina web oficial da FEGATO para o xeral coñecemento e efectos oportunos, dando por concluídas as actuacións desta Xunta Electoral no Proceso Electoral 2026.
Sen máis asuntos que tratar, lévantase a sesión sendo as 16:30 horas da data arriba indicada, estendéndose a presente acta que asinan todos os membros desta Xunta Electoral.

ALONSO DE LA PEÑA SANTIAGO BENITO - 33266122A
Firmado digitalmente por ALONSO DE LA PEÑA SANTIAGO BENITO - 33266122A
Fecha: 2026.11.12 17:56:03 +01'00'

D. Santiago Alonso de la peña
Presidente

Firmado por PICON IGLESIAS GUILLERMO MANUEL - ***2005** el día 12/11/2026 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

D. Guillermo M. Picón Iglesias
Vocal

Firmado por VIDAL BARRIO MARIA PILAR - ***5454** el día 12/11/2026 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Dna.Pilar Vidal Barrio
Secretaria